



**INFORME AMBIENTAL SOBRE
CELEBRACIÓN EVENTO DEPORTIVO
"XVII ANDAINA & TRAIL OUTONO"**

ASUNTO : informe previo a celebración da actividade deportiva
SOLICITANTE : CLUB PEÑA TREVINCA BARCO_ José Miguel de la Cal González
ACTIVIDADE : ANDAINA non competitiva
PROBA : "XVII ANDAINA & TRAIL OUTONO"
DATA celebración: 12 novembro 2023
CONCELLOS : O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras
ENTRADA : 2023/2096543_18.07.2023
Expediente: AT 421_ 2023DRF

PRIMEIRO. Con data do 19.07.2023, recíbese solicite de autorización, por parte de Don José Miguel de la Cal González, en representación do CLUB PEÑA TREVINCA BARCO, para organizar a actividade deportiva denominada "XVII ANDAINA & TRAIL OUTONO", a celebrar o vindeiro 12 de novembro, e a discorrer polos términos municipais de O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras (Ourense).

SEGUNDO. A solicitude formulada contempla organizar a actividade deportiva de andaina larga (25 Qm) e corta (15 Qm), conxuntamente co concello de O Barco de Valdeorras, diferenciándose das convocatorias de anos anteriores, por saír do Barco de Valdeorras e achegarse ata Vilamartín de Valdeorras (Pincheira)

O horario previsto é dende as 9:00 horas ata as 15:00 h cunha participación estimada entre 400 e 500 persoas, como máximo.

TERCEIRO. Examinada a documentación presentada compróbase que discorrerá por tramos situadas fora dos espazos naturais protexidos dos recollidas na Lei 5/2019 do Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia e na Lei 42/2007 del patrimonio natural e da biodiversidade, polos términos municipais de O Barco de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras,

CUARTO. *Con respecto as especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas - CGEA (Decreto 88/2007 polo que se regula o CGEA, modificado por Decreto 167/2011) e segundo o trazado proposta das andainas, informar que recae*





dentro da área de distribución potencial de *Emys orbicularis* (Decreto 70/2013, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho en Galicia), especie incluída na categoría de en Perigo de extinción en dito CGEA. Tamén deberemos ter en conta que a proba atravesa diferentes canles fluviais e regatos no seu percorrido.





CUARTO. O transitar a proba deportiva non competitiva por vías e camiños existentes e consecuentemente co referido neste informe, este Servizo informa que non é previsíbel que supoña un deterioro nin a merma dos valores naturais da zona polo que non encontra inconveniente para a súa celebración, sen prexuízo doutras autorizacións e permisos correspondentes e, sempre e cando minimicen toda posible perturbación e procedan de inmediato a retirada de toda sinalización/ marca do percorrido establecido, así como calquera tipo de residuo xerado no transcurso da mesma, co fin de compatibilizar a realización da actividade coa conservación do patrimonio natural (*Lei 5/2019 Patrimonio Natural Biodiversidade Galicia*)

De tódolos xeitos, si durante a celebración da edición "XVII ANDAINA & TRAIL OUTONO 2023", o vindeiro 12 de novembro aparecen afeccións ao medio natural non contempladas neste informe, deberase informar de xeito inmediato o Servizo de Patrimonio Natural de Ourense para a avaliación e tratamento da/s afección/s.

Ourense, a data da sinatura dixital
Titulada Superior Ambiental_Bióloga
M^a Dolores Rodríguez Fernández

